

**RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario para cubrir 109 postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde de 22 de marzo de 2018, polo que se dá publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 11 de maio de 2018, o tribunal nomeado pola Orde de 22 de marzo de 2018 (DOG núm. 65, do 4 de abril), designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a selección de 109 postos de auxiliares de policía local e a confección da lista de reserva de contratación para o ano 2018, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Que nas probas selectivas recollidas na base 6.2, puntos A e B (comprobación da estatura e probas físicas), que se levarán a cabo o sábado día 19 de maio nas pistas de atletismo da Universidade de Santiago de Compostela, as persoas aspirantes comparecerán á hora establecida (15:30) provistas do Documento Nacional de Identidade ou de calquera outro documento legal identificativo que o substitúa e, tal como recollen as bases do proceso selectivo, provistas tamén de indumentaria deportiva, que traerán xa posta.

Segundo.- Que nas devanditas probas, logo de que remate o chamamento das persoas aspirantes, e unha vez aquelas entren nas instalacións, pecharase o acceso non permitíndose que ninguén máis acceda. Por razóns de seguridade, os acompañantes das persoas aspirantes non poderán acceder ás instalacións, sen prexuízo de que aquelas probas que se realicen en pista ao aire libre (carreira de 1.000 metros) poidan ser contempladas desde o exterior das instalacións por quen así o desexe. Non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual ningún, ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e á propia imaxe das persoas aspirantes.

Terceiro.- Que, tal como se establece na base 6.3.2. da convocatoria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase alfabéticamente pola primeira da letra “G”, dacordo ao establecido na Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado

do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 19, do 26 de xaneiro).

Cuarto.- Que, para a aplicación das taboas de baremos das probas de salto e carreira, tendo en conta que hai tres tramos de idade con marcas diferentes, a idade das persoas aspirantes que se terá en conta será a que tivesen cumprido no derradeiro día do prazo de presentación das solicitudes para participar neste proceso selectivo (4 de maio de 2018).

Quinto.- Que, en relación coa proba selectiva recollida na base 6.2 punto D sobre a avaliación de coñecemento da lingua galega, á vista do reducido número de persoas que teñen que realizala, acordouse ofrecerlles a posibilidade de realizar a mesma logo de rematar o exame de coñecementos (cuestionario tipo test), previsto para o vindeiro día 26 de maio. Xúntase un formulario de solicitude para o efecto (ANEXO I), que as persoas interesadas deberán remitir asinado á Academia Galega de Seguridade Pública antes do día 20 de maio ou entregalo o día das probas físicas. Se finalmente a devandita proba se realizase o mesmo día que o cuestionario tipo test, por solicitalo así todas as persoas aspirantes afectadas, comunicaráselles a estas cun mínimo de dous días hábiles de anticipación.

A Estrada, 11 de maio de 2018.

Luis Miguez Macho

Presidente do tribunal